

Daughter of the Sea

Rosalía de Castro

TRANSLATED BY

Kathleen N. March



Daughter of the sea, de Kathleen March.

MARCH, Kathleen Nora. Filóloga e escritora que naceu na localidade de Rochester (Nova York), o 20 de outubro de 1949. Doutorouse en Literatura Hispánica pola universidade neoiorquina de Búfalo coa tese *La visión de José María Arguedas: una aproximación literaria, cultural y lingüística* e exerceu a docencia en varias universidades norteamericanas. Na actualidade forma parte do Departamento de Linguas Clásicas e Modernas da Universidade de Maine. Pasou longas tempadas en Galicia, onde se dedicou á investigación de diversos aspectos literarios, especialmente sobre a escrita feminina, Rosalía de Castro e outros poetas e novelistas contemporáneos.

En 1985 organizou o primeiro congreso de estudos galegos nos Estados Unidos e fundou a Asociación Internacional de Estudios Galegos, entidade da que foi a súa primeira presidenta. Colabora en diferentes revistas especializadas, como *Anthropos*, *Boletín Galego de Literatura*, *Grial*, *Unión Libre* e outras. A súa produción abrangue diferentes eidos, tanto de creación coma de tradución, edición e ensaio. Entre os seus libros publicados, figuran *As invariantes creacionistas na obra de Manoel Antonio* (1979); *Festa da palabra: an anthology of contemporary galician women* (1989); *An anthology of galician short stories: así vai o conto* (1991); *Sobre o poder e a ideoloxía, as conferencias de Managua* (1993), unha tradución da obra de Noam Chomsky; *De musa a literata, el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro* (1994); *Daughter of the sea* (1995), unha tradución de *La hija del mar*; e *Entre dúas augas* (2003).